DOCUMENTO TÉCNICO

I - REQUISITOS

A totalidade desta unidade foi elaborada sobre a base do novo estándar HTML5, polo que para a súa execución non se necesita máis que un navegador actualizado para poder consultar a información e realizar as actividades propostas. Para gozar dalgúns extras incluídos a maiores, si debe dispoñerse de software adicional:

- Un lector de documentos PDF.
- Plug-in de Flash (só se se desexa ver os vídeos ou xogos educativos externos).
- Recoméndase unha resolución mínima de 1024 x 768.
- Conexión a Internet para visitar os lugares propostos con Google Earth ou acceder ás actividades educativas en liña e vídeos que se encontran no menú "Web".

II - INSTALACIÓN

2.1.- Instalación en local.

Bastaría con copiar a carpeta que conten a unidade nalgún sitio do seu computador e facer dobre clic no arquivo "index.html" situado na carpeta principal.

2.2.- Instalación en rede.

Tanto nunha intranet local como nun servidor de Internet, bastaría con copiar a carpeta que contén a unidade no servidor local ou subila ó servidor web vía FTP e teclear na barra de direccións do navegador a ruta á carpeta. Algo así como: http://www.nomeservidor/rutaácarpeta/nomecarpeta

III - EXECUCIÓN

O software foi testado nos principais sistemas operativos (Windows, Linux, Mac) e non presenta ningún problema na súa execución.

Tamén foi probado nos navegadores máis utilizados (Firefox, Chrome, Opera, Safari) e non se atoparon problemas destacables. Só se se trata de executar a unidade en local podería aparecer algún problema relacionado coa seguridade, dependendo da configuración do navegador utilizado (explicación detallada no último apartado deste documento). Nese caso abondaría con utilizar un navegador distinto para solucionar o

problema.

IV - FIREFOX E O BOTÓN "SAÍR"

Na esquina superior dereita dos paquetes de actividades, hai un botón que nos permite pechar a pestana ou incluso o navegador se só ten esa pestana aberta. Pero funcionará ou non dependendo do tipo de navegador que esteamos usando ou de como o teñamos configurado.

Por exemplo, no Chrome vai funcionar sen problemas por defecto, pero en Firefox non funcionará a menos que o teñamos configurado para que un script peche pestanas ou o navegador. Para iso na barra de direccións do navegador teremos que escribir a sentenza:

about:config

Unha vez aceptemos a mensaxe de advertencia, aparecerá unha longa lista con opcións de configuración. Teremos que baixar ata onde pon:

dom.allow_scripts_to_close_windows

Facemos dobre clic sobre a mesma para que na parte da dereita apareza o valor "**true**" e desde ese momento o botón "saír" da parte superior dereita dos paquetes de actividades funcionará correctamente neste navegador:



V - CHROME, OPERA E A EXECUCIÓN DOS PAQUETES DE ACTIVIDADES EN LOCAL

Estes navegadores non presentan ningún problema en canto á execución dos paquetes de actividades dende a www ou dende un servidor de intranet por medio dun enlace dentro dunha páxina web, non obstante se se trata de executar os paquetes de actividades dende unha situación nun disco duro local podería suceder que os espazos de traballo non se abrisen correctamente e aparecese algo así como:

Como pode observarse na imaxe superior, só aparecen algúns dos elementos da contorna, pero non as actividades no recadro central. Iso é debido a un elemento de seguridade implementado polos creadores dos navegadores que evita a execución dalgúns scripts en local (isto, por exemplo, non pasa en Safari ou en Firefox).

Se se desexa usar estes navegadores para a execución dos paquetes de actividades en local, abonda con seleccionar a icona de Google Chrome ou Opera no escritorio, pulsar o botón dereito do rato e escoller "Propiedades"; aparecerá una xanela similar á que pode verse na imaxe da dereita:



No campo "Destino:" situar o cursor ao final da ruta (que remata en "...chrome.exe" ou "...opera.exe" como pode verse na imaxe), deixar un espazo en branco e engadir ao final o texto:

--allow-file-access-from-files

(Obsérvese que antes da palabra "allow" hai dous guións)

Aceptamos e o único que debemos facer é lembrar que antes de executar o espazo web e os paquetes de actividades deberemos sempre pechar calquera sesión que teñamos aberta con estes navegadores e **abrir previamente o navegador dende este acceso directo**. Posteriormente xa poderemos facer dobre clic no "index.html" para abrir o espazo web e os paquetes de actividades funcionarán con normalidade no devandito navegador como pode verse na seguinte imaxe:



José M. Boo – Xuño 2014